



Fallo Xurado do XXVII Concurso de Bandas e solistas CUAC FM

O xurado do XXVII Concurso de Bandas e Solistas organizado pola emisora comunitaria da Coruña, CUAC FM, finalizou o día 30 de xuño de 2025 as votacións do citado concurso ao que se presentaron 125 proxectos nesta edición.

O xurado estivo composto por persoas de diversos programas de CUAC FM nunha primeira selección. Na segunda fase por tres xurados externos, persoas cunha longa traxectoria no mundo da música que son as seguintes:

César Martín, director da Revista Popular 1
María Canet, periodista musical en medios como Efe Eme
Pepe Cunha, comentarista musical e director de Ábrete de Orelas (web e programa de radio)

Por CUAC FM na segunda fase:

Rubén Martínez (Orión 2.1)
Noel Miguélez (Turbulencias)
Fer Nerea (CUAK N ROLL)
Paula Alonso (Heima, El Desinformativo)
Miguel Anxo Facal (Recendo)
Ozzy de Castro (El Desinformativo)

O resultado das votacións foi o seguinte:

DUAS BANDAS GALEGAS con maior puntuación que actuarán no Festival Noroeste Estrella Galicia. Data e espazo por determinar.

Scarecröw (A Coruña)
Leria (A Coruña)

FINALISTAS DA BATALLA DE BANDAS. Actuarán o sábado 20 de setembro na Sala Mardi Gras para determinar o primeiro e o segundo posto.

Marga Sur (Granada)
AWY (A Coruña)

Premio Eva Coyote á Mellor Banda local. Actuarán o luns 16 de febreiro (luns de entroido na Sala Mardi Gras)

Crowded (A Coruña)

SUPLENTES. En caso de que algunha das bandas antes citadas non puidesen actuar, estas son as bandas que ocuparían o seu lugar:

1º Kinss x deica (Teo)
2º Terror Milk (Madrid)

Aclarar que debido a un compromiso dunha das bandas previamente citadas, non fixemos público antes este fallo porque podía implicar cambios no resultado e dar paso a algunha das bandas suplentes xa antes de este comunicado.

E para que conste a todos os efectos oportunos, asínoa o Coordinador de promoción e Secretario do Xurado do XXVII Concurso de Bandas e Solistas CUAC FM,

A Coruña, 9 de xullo de 2025

Tomás Legido Sánchez

Asdo. Tomás Legido Sánchez
Secretario do Xurado